

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 3 DE OUTUBRO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 3 de outubro de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, fai uso da palabra e di que quere recordar a alguén que foi tenente de alcalde deste Concello, Gabino Méndez, recentemente falecido, e polo tanto que conste en acta o pesar do Concello e que se lle transmita o pésame en nome da Corporación. De seguido procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 5 de setembro de 2013.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 5 de setembro de 2013 e non formulándose ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezaseis membros que se atopaban na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica sobre crédito extraordinario 02/2013, financiado con baixa por anulación 01/2013.

Di o sr. Alcalde que debido a que o temporal fixo bastantes estragos na captación de Candís, aínda que afortunadamente non se estivo ningún día sen auga, pero que incluso afectou á canalización de fundición, quedando unha parte da mesma ao descuberto, polo que hai que facer unha obra de protección, para a que se presentou polo técnico municipal unha memoria, que se fixo unha vez que se puido acceder ao lugar. Di que son 12.383,14€ e como non había ningunha partida para elo tívose que crear unha nova para esa finalidade, con cargo a baixas do propio orzamento de obras que se prevé que non se vai a gastar todo. Dá lectura o sr. alcalde ao ditame da Comisión de Facenda da sesión celebrada o 30 de setembro de 2013.

Concédeselle a palabra ao sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, quen di que o seu Grupo vai a votar favorablemente, porque ademais de ter o informe favorable consideran que é unha obra imprescindible pois estase a falar do subministro de auga, algo esencial para a poboación, polo que ese problema non ten posible aprazamento. Di o concelleiro que o seu Grupo a dúbida de que ata onde chegan as obrigas en canto ao mantemento ou arranxos do Consorcio ou ata onde chega a responsabilidade única do Concello, polo que solicita que se lle explique.

Di o sr. Alcalde que ese é un tema técnico e que si os técnicos non poñen por escrito que é unha obra de mantemento el non vai dicir outra cousa. Di que a captación de Candís está moi ben feita e resolveu o problema que había entón. Di que na captación hai un canal e pola parte de arriba unhas pranchas de ferro cunha especie de reixa por onde vai a auga, e que o día do temporal a foza da auga levantou todas as pranchas, a pesar do seu peso, aparecendo algunhas río abaixo e outras alí mesmo, e que as catro que non apareceron as vai poñer a propia empresa. Di o alcalde que agora vaise facer unha obra con escollera, cunha especie de cestas de ferro cheas de pedras, no que estan de acordo tanto o técnico municipal como o da empresa. Di

que a empresa fixo unha parte e o Concello fará outra e que el buscou repartir cargas, por eso acudiu á Deputación para o arranxo do camiño. Remata o Alcalde dicindo que el pensa que o que se está a facer é unha investimento e non un mantemento.

Di o sr. Blanco que entón non se trata do lugar en si senón, neste caso, do motivo, é dicir que podería haber outro tipo de obras como a propia captación e podería entrar dentro dos gastos de mantemento.

Di o alcalde que así é como o entende el, que a empresa non puxo ningún problema e vai facer esa obra que xa se dixo, e que agora xa está limpo e está funcionando perfectamente.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seu dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1. Logo de ver a providencia da Alcaldía de 25 de setembro de 2013, a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario nº 02/2013 financiado integramente con cargo á modificación orzamentaria derivada do expediente de baixa por anulación 01/2013, por un importe conxunto de doce mil trescentos oitenta e tres euros con catorce céntimos (12.383,14 €), para o financiamento dos gastos citados, modificando simultaneamente o anexo de investimentos do referido orzamento xeral.

Para iso, propónse o financiamento do crédito extraordinario con cargo a unha baixa por anulación por importe de 12.383,14 € na aplicación orzamentaria 2013-171/13000 “Retribucións básicas do persoal laboral fixo: xardíns”, por estimarse reducible sen perturbar o funcionamento do servizo asociado.

2. Logo de ver a Memoria xustificativa do crédito extraordinario:

En cumprimento do preceptuado nos artigos 177.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 37.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, a Alcaldía - Presidencia da Corporación eleva a coñecemento do Pleno do Concello a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do crédito extraordinario:

A necesidade de conceder un crédito extraordinario dentro do orzamento xeral deste concello para o 2013, xustifícase pola inexistencia de crédito dotado no orzamento da corporación para o 2013 (nin nos anteriores susceptible de incorporación) e nas razóns que resumidamente se expoñen na providencia da Alcaldía. En todo caso,

trátase de atender o gasto que o concello debe afrontar como consecuencia da realización das obras de restauración e protección de conducións no acceso á captación de Candís. A xustificación do crédito extraordinario radica na indemorabilidade do gasto ata un exercicio posterior, dado que a subministración de auga é un servizo esencial para a poboación, e as fortes crecidas do inverno provocaron que quedaran ao descuberto as canalizacións, co conseguinte risco de rotura ou deterioro, quedando así mesmo imposibilitado o acceso de vehículos para realizar tarefas de mantemento.

Carácter do gasto proposto:

O gasto proposto ten carácter específico e determinado en canto á súa finalidade e contía, por canto atende á necesidade da dotación orzamentaria da aplicación á que debe imputarse o amentado gasto.

Detalle da proposta de aplicacións orzamentarias a dotar e do financiamento da modificación:

Estudadas as devanditas necesidades e as vixentes posibilidades de financiamento, por esta Alcaldía propónse que o crédito extraordinario, polo que se dotaría de crédito á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, modificando polo tanto o anexo de investimentos do orzamento xeral do concello, sexa financiado con cargo a:

1. **Baixas por anulación** das seguintes aplicacións orzamentarias, que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos (Baixa por anulación 01/2013):

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS		PROXECTOS DE GASTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE DA BAIXA
171	13000		"Retribucións básicas do persoal laboral fixo: xardíns"	12.383,14 €
TOTAL				12.383,14 €

Co financiamento exposto, procede analizar as aplicacións orzamentarias e os proxectos de gasto que se crearán:

Aplicacións orzamentarias e proxectos de gasto que se crean mediante o crédito extraordinario proposto:

<u>Aplicación</u>	<u>Concepto</u>	<u>Proxecto</u>	<u>Importe</u>
161/633.13	Restauración e protección de conducións no acceso á captación de Candís	2013-52	12.383,14 €
			12.383,14 €

Deste xeito, propónse a simultánea modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral do concello para o 2013, mediante a introdución dunha nova aplicación asociada ao proxecto de gasto

(2013-52) por importe de 12.383,14 €, a financiar coa baixa por anulación na aplicación 2013-171/13000 “Retribucións básicas do persoal laboral fixo: xardíns”. Proponse que a modificación do anexo de investimentos sexa nos seguintes termos:

<u>Proxecto</u>	<u>Concepto</u>	<u>Axentes</u>	<u>Importe axentes</u>	<u>Importe total</u>
2013-52	Restauración e protección de conducións no acceso á captación de Candis	Recursos propios	12.383,14 €	12.383,14 €
			12.383,14 €	12.383,14 €

O importe total da modificación proposta mediante crédito extraordinario 02/2013, acada o importe de DOCE MIL TRESCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (12.383,14 €); o crédito extraordinario finánciase coa baixa de crédito derivada do expediente de baixa por anulación 01/2013.

ACORDAMOS

1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario nº 01/2013, financiado con baixa por anulación 01/2013.
2. Exposición pública por quince días hábiles, con anuncio no taboleiro de edictos e no BOP (Artículo 169.1 TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes e se non houbera, considerarase definitivamente publicado o expediente, debendo procederse en ámbolos casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resume por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3 TRLRFL.
3. A respecto do principio de estabilidade orzamentaria (cuxo cumprimento polo orzamento xeral do concello para o 2013 se verificou polo interventor do concello no intre da súa aprobación, mediante informe do 28/06/2013), remitímonos integramente ao informe do Interventor sobre estabilidade que se incorpore *ad hoc* ao presente expediente.
4. Dado que as aplicacións que se crean mediante a modificación proposta son de capital (capítulo 6), proponse pola Alcaldía a correspondente modificación do anexo de investimentos do

orçamento xeral do concello, que é posible coa mesma tramitación indicada no punto 4 do presente informe

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica sobre suplemento de crédito 01/2013.

Di o sr Alcalde que xa se explicou en varias comisións, sobre todo na de Obras, que durante o verán houbo problemas co pavimento das piscinas municipais, que se foron resolvendo polas Brigadas municipais, pero co paso dos meses, a partir da segunda quincena de agosto, rompeu un dos depósitos da filtración e na última semana de agosto rompeu outro, o que implica a necesidade do cambio de toda a instalación. Di que o único investimento prevista, e que tamén se vai facer, é impermeabilizar a piscina infantil, pois perde auga, cunha previsión de 10.000€, segundo os prezos pedidos antes dos orzamentos, que segundo a memoria presentada polos Técnicos municipais estase a falar de 170.000€ aproximadamente, o que custarían as obras que se van realizar na piscina, e como hai presupostados 10.000 loxicamente hai que incrementar esa partida en 160.000 e finánciase con cargo ao remanente de Tesourería, que está precisamente para estas cuestións de urxencia ou emerxencia. Di o alcalde que de todas formas o proxecto definitivo levarase á Comisión de Obras, pois ó final é un problema técnico o que se vai a afrontar e aínda os técnicos non teñen claro o que se vai a facer alí, que do que se trata agora é de habilitar unha partida que non entrará en funcionamento antes dun mes, pois este expediente ten que pasar os trámites regulamentarios de exposición pública, etc., e cando entre en vigor xa estará aprobado o proxecto definitivo na Comisión e se tomará a decisión das obras que se van a realizar. Di que se intentará darlle a mellor solución a unhas piscinas vellas e que garante que con ese diñeiro as piscinas quedarán en perfecto estado para o seu uso durante moitos anos.

Concédeselle a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen di que o que dixo o sr. Alcalde, de que non se pode dicir o que se vai a facer nas piscinas porque aínda non se sabe, demostra, como sempre, a falta de planificación e a improvisación que se vai facendo. Di que se trae ao Pleno un asunto de moitos cartos e que o sr. Alcalde non sabe o que se vai facer, polo que solicita que non traia a estas sesión o asunto xa que non lle parece serio pedir aos concelleiros que voten algo que non se sabe como se vai facer. O sr. Blanco dá lectura a unha serie de obras que di que se van a realizar nas piscinas contidas na memoria técnica que obra no expediente, e di que todas esas obras que se van facer seguro que non xurdiron nestes últimos meses, pois o sr. Alcalde sabe que había un deterioro continuo, do que se falou

moitas veces, e había que acometer estas obras antes. Prosegue dicindo o voceiro que o que pensa é que se vai facer unha grande inversión que si se houbera feito antes un bo mantemento non habería que gastar o que se vai gastar agora, que se foron poñendo parches e que por eso as piscinas tiñan mala acollida e o seu estado de deterioro e funcionamento foi criticado polos veciños. Di o concelleiro que tamén se falou algunha vez da situación das piscinas, de que si podería o Concello utilizar algún deses aproveitamentos urbanísticos que lle corresponden nalgunhas zonas, que igual era o momento de pensar noutra situación e que o seu Grupo está disposto a propoñer algunhas posibles situacións, polo que habería que pensar si merece a pena facer todo ese gasto. Di o sr. Blanco que o seu Grupo formula ese debate da situación das piscinas e que se van a abster neste punto, porque non poden aprobar algo que non se sabe cómo se vai facer, e que si se acepta o debate proposto por eles ó mellor dan o voto favorable cando vaia o proxecto á Comisión de Obras.

Concédeselle a palabra ó sr. Sierra Nieves, voceiro do Grupo Mixto municipal, concelleiro elixido na candidatura do Bloque Nacionalista Galego, quen di que se está de novo ante a política da improvisación, como sempre con todo o que fai o equipo de goberno, que isto é tapar unha focha e responde á política da provisionalidade. Di que as condicións de moitas das instalacións non son para nada axeitadas a un Concello como o do Barco e a un servizo público como son as piscinas, que teñen un deterioro maiúsculo e que el propón tamén que se abra un debate sobre unha nova situación e unhas novas instalacións das piscinas, que non ten que ser para este vindeiro verán, pero que hai que iniciar ese debate.

Di o sr. Alcalde que os dous grupos da oposición falan de improvisación e están confundindo sinceridade e dar toda a información con improvisación, que el dixo o que hai pero que non vai rebater punto por punto, que non hai improvisación pois cando di que non sabe cales van a ser as obras definitivas está a falar dalgunhas obras, non de todas, que se non se fan estas obras non haberá piscinas para o ano que ven posto que aí non pode haber piscinas tal e como quedaron este verán, pois este ano o que pasou foi que rompeu o sistema de depuración, e agora coas obras que se fagan o sistema de depuración vai cumprir con todos os requisitos que esixe a legalidade a día de hoxe. Di que xa sabe o que di a memoria que leu o voceiro do Partido Popular, porque a fixo un técnico e eso é o que se vai facer, e aínda que as piscinas se sitúen noutro lado eses traballos non se perden, que ese é o debate que teñen os técnicos nestes días, pero que unha nova situación das piscinas require unha parcela entre cinco e vinte mil metros cadrados e o Concello carece dunha parcelas desas características.

Afirma o alcalde que se necesita aprobar o suplemento de crédito neste mes para poder adxudicar as obras antes do 31 de decembro deste ano, pois senón non haberá piscinas o verán que ven, e que agora os técnicos están a estudar o tipo de chan que poñer na praia de xeito que a solución técnica sexa a mais barata coa garantía de que quede ben. En relación coas queixas ás que se referiu o sr. Blanco, di o Alcalde que fai máis de tres anos que fora do problema das filtracións deste ano, non houbo queixas neste Concello. Di que, como xa dixo antes, estase a confundir sinceridade e poñer encima da mesa toda a información da que se dispón con improvisación, porque se el non houbera dito o que pensa o voceiro do PP non tería debate. Di o alcalde que si se cambiara a situación das piscinas intentárase levar todo o sistema eléctrico, bombas, filtros, etc., porque vai valer perfectamente.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Natalia Álvarez Diéguez.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo quen di que o que fixo o alcalde non foi darlle argumentos para o debate senón que foi poñer a venda antes da ferida, pois explicouno antes de que llo dixeran. Di que el non inventa nada pois os técnicos no informe din que debería dotar ao expediente de documentación máis precisa, que tamén din que cómpre determinar o importe dos gastos e as actuacións a realizar, que a imprecisión pode dar lugar a futuras modificacións orzamentarias debidas ao escaso rigor da definición de obras e gastos asociados. Afirma que esto último non o di el e si os técnicos, e pensa que terán veracidade no que din. Di o concelleiro que con tantos problemas que teñen as piscinas pódese afirmar que non xurdiron fai un mes ou dous e que se pregunta cómo foron capaces de mantelas abertas e que ao seu xuízo mantelas abertas é unha temeridade absoluta. Prosegue o sr. Blanco afirmando que si se aprobaran os presupostos no mes de decembro xa tiña a partida habilitada e feitas as obras de reparación, que o Alcalde é quen elixe cando se fan os presupostos e pregunta porque non di que os presupostos se aprobarán antes de que remate o ano.

Di o sr. Alcalde que xa lle dixo a semana pasada ao Interventor e ao Adxunto á Intervención que quere os presupostos para decembro, xa se verá si están ou non, pero que se non están en decembro non será por culpa del, que ó mellor ten algo de culpa o Ministro de Facenda que na Intervención non se fan máis que papeis que solicitan de Madrid, que o mesmo pasa en todos os Concellos pois os técnicos municipais están traballando para o Goberno central en vez de traballar para os concellos, que son os que pagan as nóminas. Di o alcalde que en calquera caso, intentárase que os orzamentos estean antes este ano.

Di o sr Blanco Paradelo que habería que ver qué obras pódense facer porque despois poden ser reutilizadas algunhas, que ese é o debate como xa lle dixera el na Comisión de obras.

Di o Alcalde que deso é do que falou ó principio, de qué obras vanse a facer e que sexan imprescindibles para que a piscina funcione en boas condicións, que en canto saiban a solución a levará á Comisión de Obras. Di que o que quere é que o un de xuño as piscinas se podan abrir, co menor custo posible, que é posible que se gaste menos do presupostado e que cando o saiba o comunicará na comisión de obras, e pon o exemplo dos posibles chans que se poñan onde se pode optar por opcións máis baratas das presupostadas pero que se están a estudar.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves quen di que o Alcalde é da escola de Feijoo, que non sabe cómo o PP non está de acordo co alcalde, pois pon o carro antes que os bois, que o alcalde di que se van facer obras para que queden o mellor que poden quedar unhas piscinas que di que son vellas, xa se adianta ao que vai pasar para non pillarse os dedos. Di que o alcalde lanza o globo sonda e logo trata de convencer que as chapuzas deste goberno municipal con el á cabeza son as mellores que se poden facer e apela á sinceridade. Di o concelleiro que o que ten que facer o alcalde é ter un proxecto a longo prazo con previsión, deixando xa dunha vez de tapar as fochas, pois non se pode ter ese desleixo tal que as piscinas municipais cheguen ao estado no que están.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria co resultado de que por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e un voto en contra (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

1. Logo de ver a providencia da Alcaldía de 30 de setembro de 2013 de incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito nº 01/2013 financiado con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, por un importe conxunto de cento sesenta mil douscentos setenta e tres euros con setenta e oito céntimos (160.273,78 €), para o financiamento dos gastos citados, modificando simultaneamente o anexo de investimentos do referido Orzamento Xeral.

2. Logo de ver a memoria xustificativa do suplemento de crédito:

En cumprimento do preceptuado nos artigos 177.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 37.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, a Alcaldía - Presidencia da Corporación eleva a coñecemento do Pleno do Concello a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do suplemento de crédito.

Co gallo da xestión do servizo de piscina municipal e bar anexo correspondente á tempada de verán de 2013, detectáronse defectos no sistema de depuración e necesidades de reparación da impermeabilización da piscina infantil e do pavimento circundante, considerándose imprescindible e inadiable proceder a súa reparación, aos efectos de que estas instalacións estean en correcto estado de funcionamento no momento de se proceder á licitación da xestión deste servizo, durante o primeiro semestre do 2014.

Carácter do gasto proposto:

O gasto proposto ten carácter específico e determinado en canto a súa finalidade e contía por canto atende á necesidade da dotación de crédito orzamentario suficiente na partida á que debe imputarse o gasto que ocasione a amentada actuación.

Detalle da proposta de partidas a dotar e do financiamento da modificación.

Estudadas as devanditas necesidades e as vixentes posibilidades de financiamento, por esta Alcaldía propónse que o suplemento de crédito, polo que se dotaría de crédito suficiente á partida que se indica a continuación, modificando polo tanto o anexo de investimentos do Orzamento de Xeral do Concello, sexa financiado con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (artigo 36.1.a. RD 500/1990), calculado segundo as regras 81 a 86 da ICAL, resultando unha magnitude positiva por importe suficiente para atender as necesidades de crédito cuxa dotación se propón na presente modificación orzamentaria.

Partidas e proxectos de gasto que se modifican mediante o expediente de suplemento de crédito proposto:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Importe partida</u>	<u>Proxecto</u>	<u>Importe proxecto</u>
2013-340/63313	Investimento de reposición: traballos de mellora na piscina municipal de verán	170.273,78 €	2013-35	170.273,78 €

Deste xeito, propónse a simultánea modificación do anexo de

investimentos do Orzamento Xeral do Concello para 2013, mediante a modificación do proxecto de gasto (2013-35), asociado á partida orzamentaria 2013-340/633.13. por importe de 160.273,78 €, a financiar con cargo ao Remanente de tesourería para gastos xerais. Proponse que a modificación do anexo de investimentos sexa nos seguintes termos:

<u>Proxecto</u>	<u>Concepto</u>	<u>Axentes</u>	<u>Importe axentes</u>	<u>Importe total</u>
2013-340/63313	Investimento de reposición: traballos de mellora na piscina municipal de verán	Remanente de tesourería para gastos xerais	160.273,78 €	160.273,78 €
			160.273,78 €	160.273,78 €

O importe total da modificación proposta mediante suplemento de crédito 01/2013, acada o importe de cento sesenta mil douscentos setenta e tres euros con setenta e oito céntimos (160.273,78 €).

3. Logo de ver o informe do Interventor municipal de data 30/09/2013, de desconformidade.

ACORDAMOS

- 1. Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 01/2013, financiado con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.**
- 2. Exposición pública por quince días hábiles, con anuncio no taboleiro de edictos e no BOP (Artículo 169.1 TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes e se non houbera, considerarase definitivamente publicado o expediente, debendo procederse en ámbolos casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resume por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3 TRLRFL**

Di o sr Alcalde que os catro seguintes puntos da Orde do día son catro solicitudes de concesión de bonificación do ICIO, que foron informadas favorablemente na Comisión de Facenda celebrada o día 30 de setembro de 2013, dos que dá conta.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión bonificación ICIO solicitada por Argelina García Arias

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar que na obra solicitada por D^a Argelina García Arias (R.E. 13 de setembro de 2013), concurren circunstancias de especial interese social e histórico-artístico ou etnográfico, de acordo co informe do arquitecto municipal de 17 de setembro de 2013.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Eduvigis Cotado Yáñez

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar que na obra solicitada por D^a Eduvigis Cotado Yáñez (R.E. 17 de setembro de 2013), concurren circunstancias de especial interese histórico-artístico e cultural, de acordo co informe do arquitecto municipal de 18 de setembro de 2013.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por José Rodríguez Pérez

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar que na obra solicitada por D. José Rodríguez Pérez (R.E. 23 de setembro de 2013), concurren circunstancias de especial interese histórico-artístico e cultural, de acordo co informe do arquitecto municipal de 24 de setembro de 2013.

Segundo: Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

7º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Felisindo Novoa Fernández

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar que na obra solicitada por D. Felisindo Novoa Fernández (R.E. 26 de setembro de 2013), concorren circunstancias de especial interese social e histórico-artístico ou etnográfico, de acordo co informe do arquitecto municipal de 27 de setembro de 2013.

Segundo: Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO

8º Previa ratificación da súa inclusión na orde de día, proposición do Grupo Municipal do P.P. sobre declaración da Festa do Botelo como *“festa de Interese Turístico de Galicia”*.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao Sr. Blanco Paradelo.

Di o concelleiro que vai mostrar unha foto, porque as palabras non valen para nada co sr. Alcalde, pois ante algunha iniciativa que é de sumar e na que non se fai crítica no texto, non entende as saídas de ton do Alcalde. Di o sr. Blanco que o Alcalde nega que o PP acuda á Festa do Botelo, e que por iso quere mostrar as fotos dos tres últimos anos nos que el aparece xunto con compañeiros do seu Grupo municipal. Di que lle parece ridículo ter que acudir ás fotos para demostrar a asistencia á Festa do Botelo e que o sr. Alcalde para desacreditar acuda a estas cousas, que lle pediría que retirara, aínda que non por el, que tamén é certo que o Alcalde non citou a Moisés Blanco, senón por toda a xente que estivo sentada nos escanos do Pleno durante anos e que foron tamén a esa Festa. Di que el leva dez anos e que foi sempre á Festa do Botelo incluso axudou nalgunha delas ao sr Ojea Arias, chegando a publicarse na prensa o agradecemento por parte do Concelleiro de Cultura. Di o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular que máis alá das diferencias políticas, cando en algo se está de acordo, non sabe porque veñen ese tipo de ataques, que lle gustaría que o Alcalde o retirara porque ao seu Grupo non lle sentou nada ben.

De seguido, o concelleiro dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“DECLARACIÓN DA FESTA DO BOTELO COMO “FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA”

Si en algunha cousa coincidimos todos os cidadáns de O Barco e mesmo boa parte dos que nos visitan é que O Botelo é o produto rei da nosa mesa. Ao redor dun bo Botelo xúntanse familias, amigos, asociacións ou todo tipo de colectivos para degustar este nobre manxar ben regado polos ricos caldos de Valdeorras.

A exaltación deste produto, que contén o mellor do “porco”, conta co respaldo dos veciños e veciñas de O Barco, e por iso desde o Concello vense organizando, desde hai máis de unha década, a Festa do Botelo. Unha festa totalmente consolidada e certamente moi concorrida logo de celebrárense xa XIII edicións, que mistura cultura, tradición e gastronomía, sinais de identidade de calquera pobo. Todas son razóns de peso para intentar que esta festa consiga a declaración de FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

O DECRETO 39/2001, de 1 de febreiro establece no seu artigo 22º, a potestade da Xunta de Galicia para declarar festas de Galicia de interese turístico aquelas manifestacións ou acontecementos de carácter festivo que, celebrados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, supoñan unha valoración da cultura e das tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Asemade, contempla como requisitos unha antigüidade mínima de 10 anos na súa celebración, así como razóns de singularidade, tradición, participación ou valor cultural.

Desde o Grupo Popular estamos convencidos de que a “Festa do Botelo” de O Barco de Valdeorras reúne todas as condicións para ser merecedora da declaración de Festa de Interese Turístico e por iso presentamos esta moción. Coa intención de que por unanimidade, representando o apoio da cidadanía a esta exaltación gastronómica, o Concello de O Barco inicie os tramites para conseguir esta importante declaración que, sen lugar a dúbidas, suporía un fortalecemento, impulso e promoción tanto da festa como do propio produto.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de O Barco considera que, segundo o Decreto 39/2001 de 1 de febreiro, a FESTA DO BOTELO é merecedora da declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia.

Segundo.- O Concello de O Barco iniciará de forma inmediata o expediente para presentar a solicitude de declaración de Festa de Interese Turístico ante a Xunta de Galicia.”

Di o sr Blanco Paradelo que quere recoñecerlle que se intentara a indicación xeográfica protexida e que non se conseguiu pero non por falta de vontade, pois fora aprobada por unanimidade no Parlamento galego polos anos 2007 – 2008, senón que había certos problemas coa plasmación por escrito da porcentaxe dos ingredientes para que o produto fora de calidade. Di que tamén na indicación xeográfica de “botelo de Galicia” teríase que compartir, como non é doutro xeito, coa zona da Fonsagrada, e que o que hai que facer é unificar, incluso estívose barallando algunha posibilidade de que dentro de “Embutidos de Galicia” houbera algunha sección e por aí parece ser que podería ter unha mellor solución. Remata dicindo que o seu Grupo o que quere é que se faga canto antes, sen botar aquí ningún reproche, recoñecendo que o Grupo Socialista foi quen empezou coa Festa do Botelo, que pensa que todas as ideas que se fagan en pro da Festa serán positivas e que lle gustaría que representando o apoio unánime que ten o produto, se verá na Corporación apoiando a idea de pedir a Festa de Interese Turística de Galicia.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves quen di que non lle importa que lle reproche que el non acude a Festa do Botelo, pois é vexetariano e non vai a esa Festa, pero si que van todos os seus compañeiros de partido e gozan moito. Di que na Comisión propuxeron melloras para esa Festa, que debería ser un evento máis expansivo e incluso faláron dunha programación de actividades relacionadas con ela, todo co gallo de valorizar a Festa e atraer público que non vai a ela por estar organizada como está actualmente, implicar ao tecido asociativo, establecementos, restaurantes, deso xa se falou en varias Comisións de Cultura. Di o sr. Sierra que o Concello do Barco é novato en inventar unha festa, o que non é impedimento para fixarse noutras festas gastronómicas que se fan fóra e intentar copiar modelos de festas históricas que se fan noutros Concellos, para poder revitalizar esta Festa. Remata o concelleiro dicindo que vai votar a favor da moción.

Fai uso da palabra o sr. Ojea Arias, concelleiro delegado de Cultura, quen di que ante a Moción presentada polo PP, o seu Grupo ten pouco que engadir, xa que implicitamente faise un recoñecemento público dunha boa labor feita polo Grupo de Goberno con respecto a este tema, o único darlle as gracias. Di o concelleiro que vai relatar un pouco como se orixinou a Festa do Botelo, que moitos concelleiros e concelleiras descoñecen. Di que no ano 2000 nunha Comisión de Cultura viuse a necesidade de atopar algún referente que fose un reclamo turístico, social, cultural e tamén económico, polo que se falou de festas de todo tipo, pero buscando a singularidade o

Grupo de Goberno botou man dun slogan existente no Barco “*do mar o mero e do Barco o botelo*” o que lle deu a identidade gastronómica e naquel momento a singularidade, pois agora xa se fai outra festa do botelo, xa que o produto obtido do porco era o punto de reunión anual de familias e xuntanza cos amigos. Prosegue dicindo o concelleiro que dende aquela primeira festa pasaron moitos anos, moito traballo de organización e sobre todo moita análise para mellorar dun ano para outro, o que se foi conseguindo na calidade do produto, na organización e na atención dos asistentes, e que a meta do grupo de Goberno durante estes anos foi a de consolidar esta Festa gastronómica e que fose un referente comarcal. Prosegue o concelleiro dicindo que na cuarta edición da Festa do Botelo incorporouse a homenaxe a alguén relevante da gastronomía barquense e que o seu Grupo tivo que loitar nos primeiros anos co concepto de que era a festa dos socialistas e que polo tanto foran eles, máis tanto os mantedores como os homenaxeados foron o resultado da súa idoneidade e non da súa identidade política, como é fácil de comprobar, quedando actualmente erradicado ese concepto. Afirma o concelleiro que hoxe polos veciños e visitantes vese como unha festa multitudinaria onde se vai a pasalo ben nunha mesa, no caso do Concello cos teus propios contrincantes políticos, que era a meta do seu Grupo e que pensa que está conseguida, como se manifesta nas últimas edicións coa presenza de case todos os concelleiros e concelleiras da Corporación. Di o sr. Ojea Arias que coa aprobación desta Moción queda, dalgún xeito, blindada a Festa do Botelo para futuras corporacións, que sen dúbida tamén esa é a meta, e que con respecto ao acordo da Moción o equipo de Goberno fará todo o que se propón aínda que non sabe o resultado. Remata dicindo o concelleiro que evidentemente o seu Grupo vai votar a favor da Moción.

Di o sr. Blanco Paradelo que quere agradecer a todos os concelleiros o apoio a iniciativa presentada polo seu Grupo, que ó final valse a ter que sentar ó redor do botelo para arranxar moitas cousas da política municipal e que seguramente se chegará a moitos acordos. Di o concelleiro que está completamente de acordo co exposto polo voceiro do Partido Socialista, e quere sinalar que o Decreto vixente hoxe é o que é e di o que di, que o que pide que canto antes se inicie a tramitación, e que, como saberán o sr. Alcalde e o voceiro, fai falta un acordo plenario, que non sabe si podería valer o de hoxe por aquilo de gañar tempo, ou habería que traelo como inicio de expediente.

Di o sr. Sierra Nieves que foi moi emocionante o discurso do sr. Ojea pois case lle arrinca unha bágoa ao oír a soidade do equipo de Goberno, aínda que espera que non pretenda que os concelleiros da oposición se poñan a

encher bandullos de porco para facer a Festa do Botelo, pois evidentemente o goberno está para gobernar e para traballar.

Di o sr Ojea Arias que referíase que ás veces bótase en falta o apoio aínda que eso é moi difícil de pedir á oposición.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seu dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. O Concello de O Barco considera que, segundo o Decreto 39/2001 de 1 de febreiro, a FESTA DO BOTELO e merecedora da declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia.

Segundo. O Concello de O Barco iniciará de forma inmediata o expediente para presentar a solicitude de declaración de Festa de Interese Turístico ante a Xunta de Galicia.

FASE DE CONTROL ÓS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o sr Alcalde que hai unha petición de bonificación ICIO para obras de reposición de pizarra na rúa Real, que entrou hoxe pola mañá e que pensa que non ten sentido deixala pendente un mes.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, di o sr. Alcalde que se trata dunha petición de concesión de bonificación do ICIO solicitada por Cubiertas Hermanos Blanco SLU para reposición de pizarra na cuberta da edificación sita na r/Real nº 32, do Barco de Valdeorras, que ven cos informes favorables.

Bonificación do ICIO solicitada por Cubiertas Hermanos Blanco S.L.U.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar que na obra solicitada por Cubiertas Hermanos Blanco S.L.U. (R.E. 26 de setembro de 2013), concorren circunstancias de especial interese histórico-artístico e cultural, de acordo co informe do arquitecto municipal de 2 de outubro de 2013.

Segundo: Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

2º Rogos e preguntas.

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo quen, unha vez concedida, despois de felicitar á sra. Dacal Feijoo, concelleira de Promoción Económica, Industria e Turismo, polo nomeamento como integrante da executiva do PSdeG-PSOE, afirma que o Viveiro de Empresas necesita maior promoción e que estea indicado, que a xente saiba onde se atopa, porque non o sabe, que o alcalde debería facer algunhas xestións para a sinalización pois é o único viveiro de empresas que hai na zona do oriente ourensán, que hai que facelo un pouco máis atractivo, e pide que se mellore a sinalización e a promoción do viveiro.

Pide a palabra a sra. Delgado Fernández quen, unha vez concedida, preguntalle ao Concelleiro Delegado de Deportes, sr. Fernández Arias, polo estado no que se atopa o tellado do Pavillón de deportes, polo problema de goteiras que ten.

Contéstalle o sr. Fernández Arias, que o problema xurdiu a finais de agosto, e non se puido adxudicar a obra ata que a compañía de seguros non entregou o diñeiro. Di que pola súa parte houbera adxudicado a obra inmediatamente despois de producirse a inundación pero que había que esperar a facer os trámites regulamentarios, tendo en conta ademais que as empresas non reciben petición de material ata setembro, por ser época estival. Di o concelleiro que a estrutura do tellado é un pouco estraña polas ondas que a forman, que se está esperando a que chegue o material encargado e poñer a cuberta cando chegue o bo tempo, e mentres estase tapando buraco a buraco dende encima do tellado, para poder seguir coa competición e que as escolas deportivas sigan o seu curso, que pensa que nunha semana poderíase empezar a cambiar a cuberta, aínda que como hai competicións non se pode pechar o pavillón durante catro ou cinco semanas, polo que se está a pensar solucionar o tema das goteiras selándoas con silicona agora e esperar ás vacacións da época do Nadal para facer as obras de cambio de cuberta, para que as competicións podan seguir desenrolándose con normalidade.

Pide a palabra o sr. Sierra Nieves para facer un rogo en relación coa limpeza e mantemento de espazos recreativos, e di que xa dixo o mesmo no Pleno anterior, e que as zonas recreativas como o Salgueiral, Campiño de Vilaira

e o Pinar do Pega, sobre todo o Campiño, seguen exactamente igual coma a principios de agosto.

Contéstalle o sr. Fernández Arias, concelleiro delegado de Deportes e Parques e Xardíns, que si quere o sr. Sierra van a ver xuntos o Salgueiral, o Campiño e o Parque da Cruz, e que o día de hoxe precisamente estivo con varios municipais visitando esas zonas e non había nin un só papel no chan, e que fai unha semana estivo tamén co Tenente de Alcalde. O sr. Sierra afirma que o Campiño leva semana tras semana con lixo e o sr. Fernández di que mirará como está esa zona.

3º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 411/13 ata o nº 477/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de agosto e 5, 12 e 19 de setembro de 2013.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 411/13 ata o nº 477/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de agosto e 5, 12 e 19 de setembro de 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:05 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez